O Probisional

Xornal de Información Xeral do Instituto de Educación Secundaria "María Sarmiento"

Ano XXIV - Número 67

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Viveiro, 21 de decembro de 2017

PREMIO NACIONAL ÁS MELLORES PRÁCTICAS EDUCATIVAS - CURSO 2003-04

Despois de sucesivos retrasos e do cambio de empresa construtora,

Rematou unha nova ampliación

O 15 de setembro, coincidindo coa data de comezo do curso escolar 2017-2018, estreamos un novo edificio que incrementa en catro o número de aulas do centro, polo que contamos neste momento con 36 espazos comúns e varias aulas materia, talleres e laboratorios.

No acto de presentación estiveron presentes, ademais de autoridades políticas, a directora Helena Pérez Inés e a inspectora Branca Guerreiro Muñóz.

En principio, eses novos espazos e equipamentos destínanse a dous grupos de 1º e 3º de ESO, un curso de Administración e outro de F. P. básica, tamén da familia de Administración

A obra pecha, definitivamente, a ampliación do 1992, dándolle ao centro un aspecto estético mellorado na fachada sur, cara á avenida da Misericordia.

LEGRAS GALEGAS 2018

María Victoria Moreno Márquez

Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941
Pontevedra, 2005

Chega a Galicia no ano 1963 enriquecendo as nosas Letras tanto na narrativa infantil e xuvenil, como nos estudos literarios, no ensaio, na poesía e na didáctica da lingua e da literatura galegas.

SUMARIO:

- Hora de lectura semanal
- Reunión de ex-alumnos
- Entrevista: Susana Quintela
- Proxecto Voz Natura
- Rematou Eduemprende 2016/17
- Samaín 2017
- Zocas e zoqueiros
- Cómic: Hallowen
- Estamos contra os incendiarios
- A punta de Socastro
- Non toleramos a violencia

EDITORIAL

Traballando con ilusión

O obxectivo de mellorar a convivencia expresado en editoriais anteriores, tomando como referente o mandato da Dirección para o cuatrienio, avanza paseniñamente.

Por unha banda, acabamos de poñer en marcha os novos espazos da nova ampliación que nos permiten unha mellor organización e, polo tanto, mellorar tamén nas relacións humanas.

Outro aspecto ten que ver cunha nova liña de formación interna do profesorado que fixa como obxectivo traballar aspectos como a empatía, a asertividade ou a mediación; todo coa idea de estendelo, posteriormente, ao alumnado, principalmente da ESO.

Tamén, tentamos divulgar entre a comunidade educativa, -principalmente de cara ao colectivo de pais- todas aquelas accións que levan á mellora das relacións como camiño á formación integral da persoa, obxectivo educativo de primeiro orde.

Son cosnciente de que todo isto é un labor difícil de levar a cabo, e difícil de ver tamén. Os nosos recursos de comunicación son moi específicos e limitados: temos o periódico escolar, O Provisional, que chega puntualmente, cada fin de trimestre, aos fogares do noso alumnado; nel intentamos dar a coñecer as actividades que levamos a cabo, os nosos proxectos e temas transversais. Queremos engadir, a través do magnífico programa que se está levando a cabo dende a biblioteca, a radio escolar como outro elemento de difusión, para o cal xa contamos con referencias moi positivas levadas a cabo moutros centros; sería moi importante para nós poder logralo neste curso, ímolo intentar.

O xornal "O Progreso" tamén nos ofrese a posibilidade de maquetar unhas páxinas para publicar a finais de curso; estamos traballando na formación do equipo de traballo.

En resumo, seguimos cheos de ilusión de cara á mellora diaria do noso traballo.

Felices Festas e bo Aninovo a todos.

A Directora: Helena Pérez Inés

HORA DE LECTURA SEMANAL

O compromiso do centro, -co apoio do Claustro e do Consello Escolar-, para mellorar a comprensión lectora dos nosos alumn@s e a súa capacidade para aprender por si mesmos exprésase, un ano máis, coa participación no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia.

Un dos mecanismos que se poñen en marcha dende a biblioteca consiste en que todos os alumnos do Instituto lean á mesma hora, comezando na semana do 16 de outubro, o luns á primeira hora, continuando na semana seguinte, o luns a 2ª hora de clase, e así sucesivamente. Polo tanto, a principios de xuño atoparémonos lendo nas horas de clase do venres. Seguindo esta temporalización, cada profesor adicará unha ou dúas horas da súa materia (durante todo o curso) con cada grupo a ese fin.

Nesta ocasión, ampliamos o proxecto a todos os niveis (agás 2º de Bacharelato), é dicir, ESO, 1º de BAC, FP Básica e todos os Ciclos de Grado Medio e Superior.

Cada profesor organiza esa hora, existindo varias posibilidades de acción:

* Biblioteca de aula: cada alumn@ escolle na biblioteca dous ou tres exemplares en distintos idiomas e xéneros literarios, sempre axeitados ao seu nivel. (Recoméndanse tamén cómics, revistas, libros de relatos, etc). Durante unha hora realizarán a lectura individualizada na aula.

*Aulas específicas: cómpre que as aulas de Música, Plástica, Laboratorios, etc., teñan os seus propios libros dispoñibles para que os alumn@s poidan facer nelas a lectura.

*Selección de textos, relacionados coa materia que imparte cada profesor. Pódese facer unha lectura e reflexión grupal en voz alta a través da pantalla dixital.

*Prensa: escrita ou dixital, de calquera temática.

*Lexislación: case sempre, relacionada coa materia ou módulo que estude o alumn@.

IMS IES MARÍA SARMIENTO
85 ANIVERSARIO 1932 2017
Ensino de calidade para todos
ESO, Bacharelatos, Ciclos medios e superiores, ESA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

REUNIÓN DE EX-ALUMNOS DE FAI 50 ANOS

O pasado 11 de agosto, reuníronse nun xantar de confraternidade antigos alumnos do curso 1967-68, época na que comezaban as súas carreiras profesionais en diferentes ámbitos produtivos e docentes

01- Juan Bautista López Mariña, Profesor na Univ. Laboral de Xixón.
02- Fernando Mendaña Rodríguez, empregado público
03- Jesús Fernández Álvarez
04- José Manuel Gómez García
05- Jaime Orol Chao
06- Manuel Martínez Martínez
07- Manuel Pérez Varela, empresario do moble (Xove)
08- Manuel Vale Riveira, empregado de Alcoa
09- Francisco Canto Durán
10- Felipe Abadín Díaz, empregado no Pais Vasco
11- Tomás Hermida Chao, empregado na banca
12- Urbano Bouza Canto, empresario da madeira
13- Manuel Paz Paz
14- Bautista Pérez Gómez, empregado de Alcoa
16- Luís Rolle Rodríguez, empresario agro-forestal
17- Nilo López Martínez, empregado de Alcoa
18- José Ramón Paz Paz
19- Roberto Vázquez Vidal
20- Xosé Manuel Cociña Regal, Prof. Técnico de F.P.
21- Manuel Rodríguez González, empregado de Alcoa
22- Francisco Pernas Coldeira, empregado de Alcoa
23- Danián López Canoura, empregado de Alcoa
24- Daniel Bouza Canto, empregado de Alcoa
25- Jesús Pernas Sánchez, empregado de Alcoa
26- Eusebio Miuña Cajigal, empregado no Pais Vasco
27- Francisco Alonso Docal, empregado de Alcoa
28- Néstor Dovale Mariño, empregado de Alcoa
29- Tomás Bouza, empregado de Alcoa
30- Miguel García González, Prof. F.P. Ocupacional
31- Pedro Morado López, empregado sector naval
32- Celestino García Paz, concelleiro en Viveiro
33- Manuel Albao Mon, empregado de Alcoa
34- Joaquín Mendez Bouza
35- Andrés Basanta, empregado sector eléctrico -Madrid
36- J. Otero Rubiños, empregado de Alcoa
37- José Luis Pérez Fraga, Director do CFP Ocupac. de Viveiro
38- Manuel Álvarez Otero, Profesor Técnico de F.P.
39- José Antonio Rapa Galdo, empregado de Alcoa
40- Javier López Orol, empresario alimentación
41- Jesús López Pigueiras, empresario da madeira
42- Juan José Gomez García, empregado de Alcoa
43- Daniel Fraga Martínez, carpintería

Foto: Antonio García, empregado de Materiais Cerámicos de Burela

Días non lectivos aprobados polo Consello Escolar para este curso

30 de abril e 18 de maio de 2018



MÉDICOS DEL MUNDO
COMBATIMOS TODAS LAS ENFERMEDADES, INCLUIDA LA INJUSTICIA

ENTREVISTA:

Susana Quintela Díaz

Comezou na docencia como Profesora de Lingua Castelá e Literatura, no ano 2004, na Comunidade de Extremadura. Dende o curso 2009/2010 é profesora do noso Instituto onde, ademais, é a responsable da biblioteca escolar e dos diferentes clubs de lectura.

* * *

Cómo é que asumiu a función de coordinadora da biblioteca, un traballo fundamental para o bo funcionamento pedagóxico do centro educativo?

Fai seis anos, Xan (o anterior responsable da biblioteca), propuxo que despois de 15 anos que levaba el no cargo, alguén con novas ideas se fixese cargo. Por diferentes motivos acabei accedendo consciente de que o labor era difícil, sobre todo polo excelente labor e gran nivel que o meu compañeiro lle impuxera ao servizo, dado que comezou case en ruínas, e acabou por deixar esta magnífica biblioteca que agora temos.

Durante esa etapa ampliose o espazo ocupando agora máis de 150 metros cadrados, adquiriuse mobiliario, codificouse segundo a CDU e informatizouse todo o fondo existente, tanto bibliográfico como filmográfico e documental. Vaia por diante o meu recoñecemento a ese intenso labor que fixo Xan.

A biblioteca do IES María Sarmiento conta, na actualidade, cun fondo de máis de 27.000 volumes

Como foron os comezos do seu traballo ao fronte da biblioteca?

Bueno, en principio continuamos cos labores que podemos denominar "habituais":

-Detección de necesidades biliográficas, procura das mesmos, divulgación, animación á lectura, servizo de préstamo de libros, DVDs, vídeos e outros fondos, aberto a toda a comunidade educativa.

-Coordinación das gardas do equipo de profesores de apoio, -actualmente son dez-, sen os cales sería imposible que isto funcionase. A biblioteca permanece aberta pola mañá; en horario vespertino e nocturno (onde non hai persoal suficiente para cubrir todo o horario) tamén se pode usar solicitando permiso na conserxería.

Ao tempo que faciamos ese labor de continuidade, iniciamos de seguido novos proxectos. Podo resaltar, pola súa boa acollida, os puzzles xigantes feitos entre todos ao longo de dous anos e que agora engalanan os corredores do centro; deseño de batas para o traballo diario ou, tamén, o de deseño de mascota e outros debuxos cos que nos agasalla cada ano o noso compañeiro, o debuxante Primitivo Marcos.

Tamén nos encargamos da coordinación e funcionamento das bibliotecas de aula, da formación dos usuarios, a organización das lecturas obrigatorias, etc.

Cónstanos que un dos proxectos, nos que Vde. está moi implicada, é a "microrede de bibliotecas escolares", da cal se sinte moi satisfeita?

Efectivamente. Fai xa varios anos que comezamos neste proxecto común cinco centros da Mariña; hoxe son xa trece; unha comunidade que abarca dende O Vicedo ata Alfoz.

Hai establecido un servizo de préstamo gratuíto de libros, películas e outros documentos

Como se traballa, e que actividades se realizan?

Os responsables das bibliotecas dos distintos centros implicados reunímonos ao comezo de cada curso para elaborar unha programación anual, común a todos, que se desenvolve en parte cunha metodoloxía colaborativa e outra co traballo individual. Desta programación sae un tema transversal a desenvolver ao longo do curso; por exemplo: *"O refraneiro de Cervo a Viveiro", "Primavera de poesía"*, ou o que temos prantexado para este ano académico *"A Mariña en feminino"*.

Collendo como referente ese tema, salientando o coñecemento, a reflexión e a tradición cultural e etnográfica da nosa contorna, imos adaptándoo a diferentes conmemoracións como pode ser o día contra a violencia de xénero en novembro, día do libro en abril ou a semana das Letras Galegas; trátase dun fío condutor común a todos os centros que conclúe, a finais de curso, con diferentes postas en común: exposións no Concello de Viveiro, actuacións musicais e teatrais no Pastor Díaz, etc.

Dentro deste proxecto teñen cabida tamén aaccións máis puntuais coma a celebración do concurso de disfraces no carnaval (tamén cun tema de referencia: cine, arte, etc) ou o mercado solidario de libros aportados polo alumnado e profesorado que vendemos a dous euros para colaborar cunha protectora de animais e o banco de alimentos de Viveiro.

Todo isto ten un significado: abrir a biblioteca a múltiples accións e usuarios, dinamizándoa co fin de convertila nun lugar de encontro e referencia tanto a nivel de centro coma da propia comunidade educativa.

Respecto aos recursos, xa se desprende que se necesitaría máis horas de apertura, pero que ocorre cos medios materiais e económicos?

Neste ámbito podemos dicir que estamos cubertos.

Contamos con axudas inherentes aos diferentes programas da Consellería de Educación dos que participamos; por exemplo: Plambe ou os clubes de lectura; tamén, contamos cun presuposto interno derivado dos propios orzamentos do centro.

E o futuro, tanto persoal, como da biblioteca da que vemos se sente moi apaixoada?

Como profesora de Lingua e Literatura Castelá é seguro que continuarei moitos anos.

No referente ao cargo de responsable da biblioteca, pode que xa sexa hora de que se faga cargo outra persoa que aporte novas ideas e inquitudes para manter, e mesmo mellorar.

Convido aos meus compañeiros a que se animen neste labor.

Moitas grazas!

-REDACCIÓN-

ENTREVISTADOS ANTERIORMENTE:

Jessica Lash
Catalina Rivera López
Ramón Martínez Pego
Helena Pérez Inés
David e Valeria Fernández
Atilio Díaz Luaces
Alicia Figueiras Icasuriaga
Narciso Pillo Guerreiro
Uxío Rodríguez García
Patricia Amigo Caruncho
Óscar Rolle Calvo
Javier Mariño Chao
Adrián Ben Montenegro
Juan A. Menéndez Rocha
Eric Rodríguez Wolpers
Manuel Mira Martínez
Manuel Fernández López
Gonzalo Dablanca Blanco
Rebeca Bermudez Ramudo
Ángel Rodríguez Vázquez
Patricia Mariño Bouza
José Rodríguez Costa
Pedro Álvarez Expósito
Dolores Núñez Estévez
Francisco Basanta Barro
Euloxio Xesús Rubert Méndez

Proxecto Voz Natura

CATALOGACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS NA CONTORNA DE VIVEIRO

Ao longo deste curso 2017/18, seguindo as liñas marcadas pola convocatoria nº 21 do Programa "Voz Natura" da Fundación Santiago Rey-Fernández Latorre, presentamos un novo proxecto relacionado, nesta ocasión, co noso patrimonio etnográfico e a educación ambiental.

Ademais do seu valor histórico e etnográfico, as fontes e lavadeiros constitúen o principal acceso público a un recurso de vital importancia como é a auga. Xa sexa para lavar, para regar ou para beber, a auga debe cumprir uns requisitos mínimos de salubridade, sendo estes de máxima esixencia cando se emprega no consumo humano. Por iso, co noso proxecto, pretendemos unha aproximación transversal dende diferentes áreas como son a fotografía, análise da calidade das augas, toponimia, historia, realizando roteiros (xeolocalizacións), etc.

Remataremos, a modo de produto acabado, coa elaboración dunha páxina web e unha aplicación para "smartphones" para situar todos estes datos sobre o terreo.

Finalmente, indicar que nesta primeira fase do traballo limitámonos somente ao Concello de Viveiro pero coa intención de continuar, máis adiante, cos concellos limítrofes dos que é orixinario a maioría do noso alumnado (O Vicedo, Ourol e Xove).

O coordinador do proxecto é o profesor de Educación Física, Francisco Basanta Barro, que conta coa colaboración dun grupo de traballo do claustro e alumnado.

ados
axencia de doazón de órganos e sangue

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

Na última estancia do equipo de extracción de sangue no IES "María Sarmiento", o 26 de outubro, realizáronse 14 doazóns, 5 delas foron de persoas que o fixeron por primeira vez.

Sentímonos orgullosos de colaborar co Centro de Transfusión de Galicia (e agora co ADOS) dende o 1994, acadando dende aquela un total de

1.108 doazóns

MÁIS INFORMACIÓN EN:
doadoressangue.ctg@sergas.es

DOA SANGUE
900 100 828

CURIOSO

Pandilla de veraneantes en Viveiro. Blog "El Deseado".

Foto sacada no Naseiro de 1960

¡ADIVIÑADE QUEN É O RAPAZ QUE ESTÁ PRIMEIRO POLA ESQUERDA!

(solución na páxina 23)

.gal

PAE

SAMAÍN 2017
SERES TERRORÍFICOS QUE VEÑEN DO INFERNO

O léxico da morte, tan importante nunha cultura, procede, no noso idioma, maioritariamente do mundo clásico: Tánatos era o deus grego da morte e asi hoxe temos tanatorio, tanatoloxía,... Para os antigos gregos, cando as persoas morrían comezaban unha viaxe que os levaba ao inframundo, o Hades. Alí tiñan que cruzar un río coa axuda do barqueiro Caronte, cunha barcada que era unha moeda posta na boca do morto.

INFERNO. 1) Lugar onde residían, segundo algunhas relixións, as almas dos mortos. 2) Lugar onde, segundo o cristianismo, as almas dos condenados recibirán castigo eterno.

INFRAMUNDO. Outras culturas teñen inframundos ou ultramundos a onde os mortais van para non volver /a Gehenna ou Xeol para os xudeos, o Naraka budista, o Tir na nOg céltico, o Barsakh islámico, o Mictlán azteca, o Xibalba maia), como destino de castigo para os malditos.

ZOMBI. Persoa morta que, segundo certas crenzas populares de América Central, volve á vida e se move de maneira autómata sen ter conciencia dos seus actos.

TÁRTARO. Lugar da mitoloxía grecolatina onde residían as almas dos mortos.

ORCO. Lugar onde se cría que ían parar as almas dos mortos. A súa orixe é Orcus, que en latín significa "ultratumba" e que denominaba tamén un dos deuses do inframundo (como pasaba no caso de Tártaro). Probablemente veña do nome grego Horkos, o deus dos xuramentos, que castigaba quen os incumpría.

LOBISHOME. Home que segundo as crenzas populares se converte en lobo; licántropo é forma máis culta. A transformación é consecuencia dunha maldición da que son vitimas por transgrediren algún tipo de lei natural ou norma social.

VAMPIRO. Persoa morta que, segundo a crenza popular dalgúns lugares, sae da tumba polas noites para chuparlles o sangue aos vivos.

AVERNO. 1) Lugar onde residían as almas dos mortos, segundo algunhas relixións antigas e na mitoloxía. 2) Lugar onde as almas dos condenados recibirán castigo eterno, segundo o cristianismo.

ESTADEA. Aparición, visión fantasmal, Malia que é afeccionada aos camiños escuros da noite, non debe confundirse estadea e Santa Compaña, xa que, a primeira é unha figura solitaria mentres que os mortos da Santa Compaña non se aparecen se non é en procesión.

PURGATORIO. Lugar onde as almas dos que morren na graza de Deus acabande purgar os seus pecados antes de ir ao ceo.

O seu concepto é o do lugar onde residen aquelas persoas que non son santas abondo para entraren no paraíso mentres penan agardando a que se lles permita subir ao ceo.

A súa existencia segue a ser defendida polo catolicismo e polos coptos, mais non polas outras igrexas cristiás. Os infernos do islam e do zoroastrismo teñen conceptos semellantes a esta visión.

MEIGA. Muller á que se lle atribuía un pauto co demo, do que recibía poderes para realizar meigallos, adiviñar o futuro, etc. É coñecidísima meiga chuchona, que debilitaba pouco a pouco as súas vitimas chuchándolles o sangue.

DEMO (Sinónimos): demoño, diabo, diabro, diantre, diaño, ...

FRASES FEITAS:

Arre demo! Como chove!
Non sei que levas na bolsa, pero pesa coma un demo.
Comíano os demos porque lle dixeron que non podía pasar.
Dou ao demo se o vín! Dou ao demo se quero algo seu!
Berraron cos veciños e alí houbo as do demo.
Cando repartiron a herdanza, aí houbo o demo polas pernas.
A colleita deste ano levouna o demo.
O demo nos leve! Que o demo me leve se non digo a verdade!

-Sabela-

DECORACIÓN DE CABAZAS
(alumnos de1º de ESO)

EDUEMPRENDE 2016/17 REMATOU CUN ÉXITO DE PARTICIPACIÓN

O pasado 15 de xuño tivo lugar, no IES Porta da Auga de Ribadeo, a clausura do proxecto Eduemprende no que colabora El Progreso xunto coa Fundación Alcoa e a Consellería de Educación.

O noso centro estivo representado polos alumnos de 2º curso do Ciclo Superior de Administración e Finanzas, coordinados pola profesora Yolanda Fernández López, presentando na feira as súas propostas empresariais, creadas e desenvolvidas durante o curso pasado, e poñendo fin a un ano académico cheo de traballo, entrega e emocións.

Marnupi, empresa creada por Judit, Laura e Carmen, adicada á organización de todo tipo de eventos…

Albergadilla Aventura, defendida por Cecilia, Dana e Noelia, unha empresa adicada ao turismo de aventura con sede en Xove e cuxo obxectivo é explotar a natureza, a cultura e a paisaxe das comarcas da Mariña

Decoracións Anai, creada por Aida e Antía, nace como unha empresa para o deseño de interiores con materiais reciclados

Mariña Gaming, creada por Ivan, Jorge e Andrés, nace como unha entidade para a compra-venda e alugueiro de videoxogos e, tamén, para a compra e venda de móbiles de segunda man

O venres, 9 de novembro, celebramos o

DÍA DO PEÓN

Outro ano máis, nun día gris de outono, xuntámonos na pista polideportiva para "bailar" o peón e facer demostracións, concursos de filigranas, baile e decoración.

De todos os participantes, resultaron significativas as filigranas que fixeron Julen Pernas e Kevin Manzano; tamén, a decoración dos peóns de Alba Rosanes, Laura Ríos e Ángela López; mentres, no apartado de resistencia, os mellores foron Kevin Manzano e Nico Dovale. Os premios para os primeiros clasificados foron sendos vales para a compra de material didáctico.

Entre os obxectivos desta actividade propostos polos organizadores (Vicedirección e o Departamento de Educación Física) están os de divulgar, recuperar e conservar unha das actividades lúdicas tradicionais máis salientables, favorecendo a relación entre os alumnos e profesores, ou o de diversificar a oferta de actividades que máis promoven o exercicio físico e o xogo cooperativo.

Xubilacións: Clara Pernas Blanco Ernesto Varela Freire

A nosa compañeira Clara, profesora de Ciencias Sociais, vén de xubilarse despois de 35 anos de intensa e vocacional adicación á docencia. Antes de vir para o IES "María Sarmiento" estivo destinada en diferentes colexios de Educación Primaria de Ortigueira, Cariño, O Barqueiro e, tamén, de Viveiro.

Tamén se xubila Ernesto, profesor de Mantemento de Vehículos, que se incorporou neste mesmo curso ao IES María Sarmiento e que, anteriormente, desenvolveu a súa carreira docente no CEIFP Ferrolterra, no CEIFP Someso da Coruña e, tamén, no IES A Xunqueira de Pontevedra.

Desexámoslles aos dous moita sorte nesta nova etapa vital.

LOTARÍA

O persoal do IES María Sarmiento xoga este ano 2017 na lotaría de Nadal uns 11.000 euros ao número

68.293

Subida a San Roque para celebrar o magosto...



Dende fai xa máis de dúas décadas, non faltamos á cita anual do magosto. Primeiro facíase no patio, pero agora aproveitamos a celebración para facer unha ruta ao aire libre e subimos a pé ata o cumio do monte de San Roque; aínda que o esforzo é grande para chegar ata a capela, compensa sobradamente comer as castañas asadas quentiñas que nos dan enerxía para xogar a lanzalas uns aos outros e mancharnos a cara coa cinza. O venres 17 de novembro de 2017, celebramos o magosto cos meus amigos de 1º de ESO e os profes Alicia, Fran, Sabela, Mariluz, Óscar, Susana, Ana e Pilar.

"As castañas do castiñeiro hainas que asar no asadeiro "

CLUBES DE LECTURA

Un ano máis, a responsable da Biblioteca promove este proxecto, que levamos a cabo todos os cursos dende fai unha década.

Preténdese con esta accións que os alumnos adquiran hábitos e dominen a lectura comprensiva, a expresión oral, a reflexión e o traballo en equipo, ademais de achegalo aos múlltiples valores contidos na literatura. Destacar que é unha actividade diferente á de "lectura semanal", aínda que persegue obxectivos similares.

A metodoloxía xeral consiste en realizar dúas ou tres actividades grupais por cada libro proposto ao longo do curso. Os participantes poden optar entredúas obras ou unha selección de textos relacionados coas materias dieferentes que se imparten no centro. Tamén hai actividades, xuntanzas con outros clubes de lectura, roteiros literarios, "ginkanas" literarias, visitas a outros centros educativos, museos, bibliotecas, etc.

CHARLA SOBRE OS INCENDIOS EN GALICIA

Dirixida ao alumnado de 3º de PMAR, 4º de ESO e 1º Bacharelato, o xoves 30 de novembro ás 11:30, no salón de actos, celebrouse unha charla informativa sobre os incendios en Galicia dentro do Programa *"A Ponte"* do Campus de Lugo.

A ctividade estivo coordinada pola profesora de Bioloxía e Xeoloxía, Belén Pérez Pérez.

* * *

XORNADA SOBRE CIBERSEGURIDADE

O Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), a través da iniciativa *"Internet Segura for Kids"* dispuxo a segunda edición do programa *"Xornadas escolares para un uso seguro e responsable da Rede"*, co obxectivo de promover o uso seguro e responsable da internet entre os menores de idade, dirixidas ao profesorado e alumnado de educación primaria e secundaria.

SOPA DE LETRAS
(localiza cinco ríos galegos)

A	U	X	U	X	N
B	L	I	S	O	S
P	L	S	A	B	A
E	A	C	L	A	L
P	A	O	D	E	L
R	L	E	I	R	I
I	E	G	E	B	N
R	O	Ñ	I	M	A
O	M	D	U	A	B
S	A	N	E	T	A
A	C	A	R	O	S

zocas e zoqueiros

INTRODUCIÓN:

Ao igual que sucede cos artigos publicados anteriormente, "O oficio de ferreiro" (1), "O carro do país" (2), ou o adicado a "O arado de pau" (3), o obxectivo deste breve traballo sobre "zocas e zoqueiros" é facer unha introdución sobre este aspecto etnográfico da nosa cultura popular para favorecer a reflexión sobre o tema entre o alumnado e os seus pais e avós e, humildemente, contribuír a que non se esquenza; polo tanto, é divulgativo.

* * * *

Segundo o dicionario de Xerais da Lingua Galega, "zoca" *é o calzado de madeira dunha soa peza e rematado en forma de punta máis ou menos aguzada. Ten o tacón axeitado para impedir que a auga ou o barro cheguen ao pé; madreñas, galochas. Nalgúns lugares de Galicia, zoco.*

Mentres "zoco", que na anterior definición parece ser sinónimo de "zoca", aparece como: *calzado de coiro con piso de madeira.*

Destacamos pois que ao ímos refirir á zoca por ser diferente zoco, báasicamente porque a primeira é toda de madeira, se acaso menos elaborada, e o segundo incorpora o coiro na súa maior parte, sendo só a sola de madeira.

Ata fai unhas décadas o uso habitual de zocas e zocos como calzado cotiá no ámbito rural de Galicia era algo habitual. A construción das zocas integramente en madeira fan que sexa un calzado ideal para ambientes húmidos e fríos, pois illan perfectamente do chan; ademais, as populares zocas chinelas poden usarse cunhas zapatillas de pano no seu interior, resultando así quentes e confortables e dotándoas da comodidade que lles falta ao ser, evidentemente, ríxidas.

A zoca galega é moi semellante á madreña asturiana (4) que ten tres tacós, dous diante e un atrás, o que lle dá estabilidade, ou á galocha (5); tamén se parece á alberca cántabra (moi decorada) ou ás leonesas e vascas, aínda que con certas particularidades: na forma, ausencia en moitos casos de tacóns ou na decoración.

Semella tamén que o seu uso e procedencia pode ter certos para-

(1) publicado o 22 de decembro de 2006, no número 37
(2) nº 54 do 21 de decembro de 2012
(3) nº 57 do 20 de decembro de 2013)
(4) etimolóxicamente "de madeira"
(5) este calzado é unha especie de sandalia coa suela de madeira. Fidalgo Santamariña (2001) fala incluso do oficio de galocheiro ou chanqueiro diferentes do de zoqueiro porque fabrica a alzada en coiro e pode encargar a suela a outro artesán coma o zoqueiro

lelismos coa holandesa, danesa, sueca ou mesmo alemá e, probablemente, os máis entendidos poidan seguir as súas pegadas ata o mesmo "socci" dos romanos.

Por diversas razóns: o uso específico, a zona xeográfica e mesmo aspectos culturais, foi evolucionando en diferentes tipos; a zoca de Mondoñedo e a chinela foron, sen dúbida, das máis usadas na Mariña luguesa.

Na actualidade o uso deste calzado quedou relegado a algunhas pequenas aldeas e lugares, adquirindo unha categoría case "friqui" da man de artesáns zoqueiros tan recoñecidos coma Alberto Geada (6) que elevan o seu valor de obxecto cotiá a mesmo artístico.

Tamén desapareceu, salvo esas excepcións, o oficio. Fai só medio século había en Galicia un zoqueiro en cada lugar; de tal pegada, familias enteiras eran coñecidas en moitos lugares polos "do zoqueiro". Agora os máis mozos raramente coñecen como era o seu traballo e o que ten representado na nosa cultura popular, social e mesmo productiva.

MADEIRAS E FERRAMENTAS

Na fabricación das zocas úsanse normalmente madeiras coma a bidueira, ameneiro ou cerdeira (7). Tampouco se necesitan unhas ferramentas moi especiais; describimos a continuación as que enumera Xoaquín Lourenzo (2002):



Serrón. Serve para cortar a madeira, ferramenta cun mango que se usa cunha soa man.



Serra de corda. Ténsase mediante unha corda entrenzada na parte superior do arco; serve para cortar as toradas en bruto á medida da zoca.



Retora. Ferramenta de corte, cun fío máis longo e vasto que o da serra ou o do serrón. Ten mango polos dous extremos dado que normalmente é manexada por dúas persoas; serve para talar as árbores no monte ou para fender tablóns.

Mazo. Martelo de madeira co mango tamén de madeira, serve para golpear sobre outras ferramentas coma as gubias ou para asentar as cuñas que aguantan da zoca sobre o burro ou banco do zoqueiro.

Machada. Na nosa zona coñecida coma brosa. Fai cachelas e utilízase para labrar a forma inicial polo exterior da zoca.



Cabalete de tesoiras. Vén ser un soporte para apoiar a torada de madeira e cortala á medida evitando ter que aguantala ca man para que non ser mova ao traballala.



Burro de desbastar, ripeiro. Banco do zoqueiro, no medio ten unha fenda transversal onde se coloca a zoca en bruto, aguantada coas cuñas, para facer o traballo interior evitando que se mova durante o proceso.

(6) No seu taller do Alfoz tamén hai un "museo da zoca" particularmente interesante para os escolares

(7) Son madeiras brandas, lixeiras, fáciles de traballar e non ten córos

O BOSQUEXO QUE PRESENTAMOS NON RESPONDE A UN MODELO CONCRETO DE ZOCA. DO QUE SE TRATA É DE QUE OS ALUMNOS COMENTEN ESTE ASPECTO ETNOGRÁFICO COS SEUS PAIS E AVÓS.

ELES SON OS VERDADEIROS EXPERTOS

Capela: parte superior dianteira que cobre as dedas

Boca. Apertura por onde entra o pé

Calcañar: parte traseira

Pico: parte superior dianteira, punta da zoca nalgúns casos está capada (8)

Papo. Parte dianteira que é a máis característica

Pés: (no caso das madreñas) tacos inferiores, neles póñense os tarugos

Tarugos: suplementos de madeira que se vai repoñendo segundo se van gastando

Anxola, azuela. É coma se fose unha brosa pero co fío transversal e manéxase un mango curto; tamén serve para desbastar ao igual cá brosa aínda que con maior precisión.



Gubias cancañeiras. Ferramentas de corte cunha forma curva que permite ir dando forma ao interior, particularmente na zona do calcañar.



Trade. Berbiquí, xirándoo obtemos buratos de diferentes diámetros para ir, pouco a pouco, dándolle forma á capela da zoca.



Llergas. Ferramentas cun mango longo que permite, mediante unha coitela revirada, ir conformando o interior da zoca, sobre todo a difícil forma da punta do pé.

BIBLIOGRAFÍA:

- DICCIONARIO XERAIS DA LINGUA. Xerais. Vigo. 1986
- FERNÁNDEZ CANTELI, A. C. La "madreña" a lo largo de Asturias. Narria: Estudios de artes y costumbres populares, Nº 39-40, (Exemplar adicado ao Principado de Asturias), páxs. 16-23. 1995
- FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A. Os saberes tradicionais dos galegos. Galaxia. 2001
- OTERO PEDRAYO, R. Historia de Galiza (tomo II O home. Edit. Nós. 1962
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. Os oficios. Edit. Galaxia e La Voz de Galicia, 2002
- LUACES PARDO, N. Traballo, oficios e crenzas populares dos nosos antergos. Edit. Toxosoutos, 2013

Tamén podedes atopar máis información en

-VÁZQUEZ PINTOR, X: Tal era vivir: (os vellos oficios III). Xerais. 2004 (esgotado)

(8) o pico cortado, achaflanado
(9) resultando unha cor marelenta
(10) chámase zoca de Mondoñedo
(11) tiñan máis abertura e eran lisas, para poñer con zapatillas de pano





Revocador . Coma se fose un coitelo moi afiado co que de da remate ás arestas. Pode gardarse nunha funda, feita de tarozo de millo.

Bastrén. Coitela horizontal con dous mangos que se manexan coas dúas mans; por iso é precisa no corte para o labrado exterior.

Repenisco. Trencha pequena con corte triángular para facer os adornos imitando ás veces costuras ou motivos enxebres.



Unha das primeiras aproximacións de Castelao a "A loca do monte", representada con zocas.

O PROCESO DE FABRICACIÓN

Facer unhas zocas, partindo dunha torada de bidueira (pinchada nas lúas baixantes de xaneiro ou agosto), é cuestión de moita maña e paciencia, precísase dunha aprendizaxe que se fai pola observación doutro artesán a través da práctica de moitos anos; é labor de inverno, cando había menos que facer nas casas, porque raramente había zoqueiros que se adicasen só ao oficio; podía facerse só para os de seu, por encarga, ou para levar ás feiras das vilas próximas atado o par cunha verga.

Nunha xornada de traballo un bo experto podía facer ata tres pares de zocas ou mesmo catro se eran chinelas.

Unha vez serrada a bidueira, ese cacho bruto, case á medida, do que vai ser a peza, desbástase primeiro polo exterior cunha machada e, a continuación, cunha anxola ata que adquire a súa forma.

Despois, esa zoca primitiva asegúraser ben no banco de zoqueiro (cunhas cuñas), comezando a tarefa máis laboriosa e que require da maior mestría, o máis difícil, facer o furado da zoca á medida; para logralo úsanse tres ferramentas:

-primeiro o trade, co que pouco a pouco vaise perforando e extraendo material polo medio da apertura onde se meterá o pé

-logo, coa gubia, e a llerga trabállase paseniñamente tendo a precaución de manter o espesor en toda a forma, labor difícil se consideramos que exscavamos a cegas dende o interior; a boa man no manexo das llergas é fundamental.

-xa fóra do banco, remátase por fóra cun coitelo especial que se manexaba coas dúas mans, o bastrén.

-finalmente decorábanse; pode facerse afumándoas coa cortiza da propia bidueira (9), cun betume negro ou engadindo decorados xeométricos intuítivos, mesmo hai quen atopa simboloxía celta.

Ademais das zocas con sola similar á do zapato (10) había outros tipos como as chinelas (11) e outras máis toscas que se lles poñía un cacho de pneumático de coche para que non esvarasen e non se gastaran tanto, sobre todo nos labores do campo e ao andar polas corredoiras de pedra. As zocas eran un bo calzado que, cos calcetíns de la, protexían do frío e da humidade no inverno, frescas no verán, pero coma moitas outros obxectos sucumbiu ante os novos materiais e os sistemas de produción industrial.



NOVA ACTIVIDADE: "aprendendo a remar"

O Clube Remo Celeiro e o IES María Sarmiento ofreceron unha nova actividade, remo, dirixida ao alumnado que cursa a materia Educación Física (dende 1º de ESO ata 1º de Bacharelato).

Despois dunha charla impartida por Mariluz Iglesias, adestradora do clube celeirense (ex-alumna do noso centro), os participantes traballaron durante a semana do 16 ao 20 de outubro cos catro remoergómetros cedidos polo devandito club de remo, instalados no ximnasio.

A actividade foi valorada moi positivamente por ambas partes e varios alumnos xa se incorporaron aos adestramentos que fai regularmente o devandito club.

FOLGA DE ALUMNOS

O 17 de novembro o alumnado do noso centro, principalmente os que cursan os bacharelatos e ciclos formativos de grao medio e superior, secundaron masivamente a folga convocada en contra de determinados aspectos da LOMCE.

A porcentaxe de participación, excluíndo os alumnos de 1º e 2º de ESO, nos que a incidencia foi máis escasa, acadou aproximadamente o 90,2%.

NÚMEROS ANTERIORES O Provisional

Pódes consultar os números anteriores no enderezo web do IES María Sarmiento, apartado REVISTA ESCOLAR

¡Bo Nadal e Aninovo 2018!

MICRORELATOS MATEMÁTICOS

A fórmula da felicidade

Véctor é un neno ao que lle gustaban as matemáticas, e ademais era moi observador.

Sempre que se atopaba cos seus amigos, decatábase que nas súas bocas non sempre había un sorriso, e Véctor non sabía porqué. Un día pensou: vou idear unha fórmula matemática para saber o grado de felicidade da xente.

Despois de moito deducir a fórmula, finalmente a rematou:

$$\% = \frac{\text{LONXITUDE DOS LABIOS AO SORRIR} \times \text{Nº DE LIÑAS AO REDOR DOS OLLOS}}{\text{VOLUME DAS RISAS EMITIDAS}}$$

Esta fórmula probóuna nas persoas e obtivo os seguintes resultados, que representou nunha gráfica:



A fórmula demostraba que a xente máis feliz era a máis pequerrecha, e a medida que crecemos, perdemos parte desa felicidade, aínda que cunha fermosa excepción:

os abueletes volven a ser moi felices!

"Interesante este estudio, non si?"

Agora intentade aplicar a fórmula a o teu profesor/a de matemáticas cando non traes as tarefas.

Qué resultado obtedes?: D

Tanxentemente: *o decimal sen coma*

-Yago Cerdeira Teijeiro-
1º ESO

O Provisional

CONCEDIDA A AMPLIACIÓN

PRÓRROGA NA APLICACIÓN DA LOXSE

fai 20 anos

Portada do nº 10, publicación: 19-12-97
Concedida outra ampliación, Xubilacións: Juan Luís Otero e José Ramos, As outras linguas, Un aburrido verán, Proxecto Voz Natura, As minas da Silvarosa, Nova prórroga na aplicación da LOXSE, O pazp de Grallal, Regulamento Orgánico dos centros de Secundaria

O Provisional

NOVOS REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR

fai 15 anos

Nº 25, publicación: 23-12-02
Sandra Lamelas en Lorient, Subproceso de Programación, Celebrando o magosto, San Xoán de Covas, Manifesto, Rotas: souto da Retorta, As pastillas nas festas xuvenís, Aprobado o RRI, Aberto por vacacións, Profesores de Viveiro en Guinea, 25 Aniversario da última promoción de Mestres Industriais, A senda rock: Jimi Hendrix, Historias de Viveiro, Aprender a aprender (I)

O Provisional

RENOVACIÓN PARCIAL DO EQUIPO DIRECTIVO

fai 10 anos

Nº 40, publicación: 21-12-07
Deporte, xuventude e..., Descenso do Landro, Entrevista: E. Xesús Rubert, O pan de trigo (II), Liberdade, O botellón, The Viveiro Iron Ore Co. Ltd, Álbum 75 aniversario, Campión de carpintería, Hound Dog Taylor, Silán, couto fechado, Elaborar un plan de convivencia

O Provisional

RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

fai 5 anos

Nº 54, publicación: 21-12-2012
Xubilación: Carmen Santaballa, Actividades do trimestre anterior, Datos meteorolóxicos, Entrevista a: Javier Mariño Chao, La mejor historia contada, Test Course-Navette, O carro do país, Plan de formación 2012-13, Sendeiros: o porzo da ferida, O convento das Concepcionistas e a gruta de Lourdes, Fotoálbum, A carón do blues: Mississippi John Hurt, A Educación en España (I)

VACINA CONTRA A GRIPE

Dende o pasado 23 de outubro, estase desenvolvendo dende a Consellería de Sanidade a campaña de vacinación antigripal 2017 co obxectivo de diminuir entre a poboación de risco o número e gravidade das complicacións de padecer esta infección.

A gripe é unha enfermidade altamente contaxiosa, cunha nada despreciable mortalidade e morbilidade, e a vacinación continúa a ser a medida preventiva máis eficaz para minimizar o impacto do padecemento desta enfermidade. Se aínda non estás vacinado e pertences a algún dos grupos de risco entre os que se recomenda a vacinación invitámoste a acudir a un punto de vacinación, dos 900 habilitados en Galicia.

https://gripe.sergas.es

viaxe a Madrid

- O grupo no museo Raiña Sofía (Fotografía de Xan) -

Do 14 ao 17 de novembro realizamos unha viaxe a Madrid co obxectivo de ver moitas das obras que imos ter que estudar para a selectividade que se atopan presente nos grandes museos da capital, O Prado, Thyssen-Bornemizsa e o Raiña Sofía onde tamén había unha exposición temporal adicada a Picasso e Toulouse-Lautrec que aproveitamos para visitar.

Completamos a nosa visión da arte do perioso XX-XXI vendo a exposición de fotografía de Magnum e o edificio Caixa-Forum dos arquitectos Herzog e De Meuron. Por último, aproveitamos para pasar tamén polo Museo Arqueolóxico Nacional vendo tanto a exposición permanente como unha temporal chamada "El poder del pasado: 150 anos de Arqueoloxía española".

Despois de aterrar en Santiago, fixemos a obrigada visita á catedral, sempre acompañados polos entusiastas profesores Xan Fernández e Emma García aos que damos as grazas por esta oportunidade!

* FOTO ÁLBUM *

ACTO DE APERTURA DOS FESTEXOS DO SAN XOÁN BOSCO - 30 DE XANEIRO DE 1971





TEATRO EN FRANCÉS

O pasado 20 de novembro, uns 50 alumnos de 3º e 4º de ESO que cursan Francés, asistiron no auditorio "Gustavo Freire" de Lugo á representación da obra *"Tour du monde en 80 jours"* representada pola compañía Eina d`Escola.

Tamén, aproveitaron a viaxe para ver a exposición do brasileiro Sebastiao Salgado da obra Social la Caixa.

Na devandita actividade estiveron acompañados dos profesores da materia, Helena Pérez Inés e Alfonso Fraga Pérez.

Ventá aberta aos libros

X. Cabana



A ARTE DE TROBAR

A etapa de esplendor que viviu a cultura galega na Idade Media aínda segue a ser unha fonte na que os nosos escritores apenas mollaron os beizos. É certo que foi recreada por autores como Otero Pedrayo, María Gándara ou Darío Xohán Cabana, mais a de Santiago Lopo vén encher un baleiro que existía sobre o mundo dos trobadores e xograres, tamén explorado nalgunha obra recente como *Lourenço, xograr*, de Manuel Portas (2015). *A arte de trobar*, Premio Xerais de Novela 2017, combina un ritmo áxil con moita intriga, humor e os diversos asuntos, dende a persecución dos cátaros ata o amor, pasando pola importante presenza da lírica occitana e mais a nosa. Todo comeza cando unha misteriosa rapaza, que di chamarse Elvira, se une a un grupo de artistas itinerantes que procedentes de Galicia percorren os reinos do Camiño de Santiago. Vós, lectores, tamén podedes unirvos a eles nunha viaxe perigosa e fascinante a un tempo.

ADICHIE E ACHEBE

Non se adoitaba prestar atención á literatura realizada en África, pero nas últimas décadas temos a sorte de poder ler en galego algúns dos grandes escritores dese con-tinente, neste caso dous nixerianos: Chinua Achebe e mais Chimamanda Adichie. O primeiro denuncia con realismo os estragos que provocou a dominación dos ingleses e mais dos misioneiros cristiáns sobre as tradicións e as culturas das distintas etnias de Nixeria en novelas como *Todo se esfarela*. Pola súa banda, Chimamanda Adichie, unha das autoras contemporáneas de referencia, no *O hibisco púrpura* desenvolve desde unha perspectiva feminina temas como o fanatismo relixioso, a opresión e a violencia.



A TERRA DE ANNA de JOSTEIN GAARDER

Aparecida no seu idioma no 2016, *A terra de Anna*, do autor da exitosa novela *O mundo de Sofía,* preséntanos unha historia sobre o clima e o medio ambiente. A protagonista, despois de recibir un misterioso agasallo polo seu décimo sexto aniversario, sempre que adormece ten un soño que a transporta a 2082, a un planeta Terra arrasado onde apenas restan seres vivos. Isto levará a Anna a loitar para tentar cambiar o futuro apocalíptico do seu pesadelo.



MARTÍN CÓDAX E OS XOGRARES DO MAR DE VIGO

Ata o 4 de marzo de 2018 no Museo do Mar de Vigo, teremos a oportunidade de ver de preto o Pergamiño Vindel no que se recollen sete cantigas de amigo do xograr Martín Códax coa súa notación musical, o que converte este manuscrito nunha auténtica xoia da lingua galega e mais da nosa historia. Para quen non poida viaxar a Vigo, sempre lle quedarán libros como *Martín Códax e os xograres do mar de Vigo* de Xosé Ramón Pena, que nos achega a eses autores medievais dun xeito ben ameno, e así mesmo *A visión do amor no cancioneiro de Don Dinís*, de Leticia Eirín, recomendado para aqueles que xa pretendan coñecer máis a fondo a outro dos grandes creadores da literatura galego-portuguesa medieval.

A PUNTA DO FUCIÑO DE PORCO
(SOCASTRO)



- José María Leal López-

Na desembocadura da ría de Viveiro ao mar Cantábrico, hai dous saíntes que delimitan, unha a cada lado da costa, a entrada nas cales hai uns sinais luminosos permanentes que avisan os barcos da súa situación, especialmente pola noite ou en días escuros de néboa ou de mal tempo. Polo leste atópase o Monte Faro (Concello de Viveiro) e polo oeste está a punta Socastro (Concello do Vicedo) tamén coñecida como Fuciño do Porco por ter certo parecido co fuciño dese animal.

Fai uns catro anos e para facilitar o acceso e mantemento da baliza luminosa marítima da punta Socastro, construíuse unha pasarela de madeira con varanda a ambos lados que discurre sobre os cantís ata chegar a él sen dificultade xa que antes era moi difícil.

Pero a medida que se foi coñecendo este sendeiro e as súas marabillosas vistas e paisaxes, fixo que o Fuciño do Porco se convertira nun atractivo turístico da zona, polo cal o Concello do Vicedo pasou a promocionalo activamente para convertelo nun dos principais atractivos turísticos; ademais o sendeiro que vai dende a estrada xeral ata a pasarela de madeira da punta foi nomeado "sendeiro azul" que lle outorgou a "Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor", entidade que xestiona e outorga as bandeiras azuis nas praias do Estado, co cal esta ruta colleu máis prestixio.

Eu nunca estivera no Fuciño do Porco aínda que si o coñecía de oídas, e a idea de ir xurdiu así, de improviso, un domingo de agosto que fomos á praia da Abrela uns familiares e amigos, e logo de almorzar no merendeiro que hai ó pé da praia, como o día estaba un pouco nubrado, decidimos ir dar un paseo ata alí e así aproveitar para coñecelo, calculamos que o percorrido de ida e volta sería duns sete quilómetros, máis ou menos, que feitos en plan tranquilo e sen présas nos podía levar entre dúas horas e media a tres. Despois de prepararnos coa roupa e zapatillas de verán e surtidos con botellíns de auga partimos sobor das catro da tarde fornecidos tamén coa libreta e o bolígrafo para ir anotando todo aquilo que me parecía importante.

Saíndo da Abrela subimos por unha pista asfaltada onde hai moitas casas e chalés, e a man dereita vimos unha pequeña enseada chamada Porto de Val onde hai un grupo pequenas embarcacións, sobor todo deportivas, fondeadas, seguimos subindo a costa e chegamos ata un lugar chamado Corgos que é onde enlazamos coa estrada que vén dende as Barreiras (Folgueiro) onde empata coa estrada xeral N-642 que vai dende Viveiro ata Ferrol, e que é unha das entradas sinalizadas para ir ata o Fuciño do Porco xa que hai outros dous enlaces máis, un o que vai pola ruta onde está o punto limpo e outro que vai a praia da Abrela e que está máis abaixo.

Como diciamos alí en Corgos hai un sinal á man dereita que indica a ruta a famosa punta na que hai partes asfaltadas e outras sendeiros de terra e pedra, e logo mirando á man esquerda vemos un pouco máis abaixo a Igrexa Parroquial de Santa María de Suegos a cal pertence toda esta zona, antigamente denominábase Santa María de Suevos, segundo un documento que data do século XII, di que este nome foi en recordo o pobo bárbaro dos Suevos que invadiu Galicia no século V, onde creou un reino (409 ao 585) que abarcaba toda Galicia actual chegando ata Coímbra e logo no resto de España collía toda

a zona de Asturias, León, ata Palencia onde o río Pisuerga facía de fronteira. Seguimos a ruta ata a punta por un camiño empedrado, hai moita xente que vai e ven polo sendeiro, vense moitos alleos sacando fotos, logo atravesamos un abrupto monte con eucaliptos e outras árbores autóctonas, e seguindo, a uns 300 m. atopamos unha intersección pola dereita por onde se pode ir a praia de Alegrín que ten moi difícil acceso (alí atópase a Punta dos Monxes chamada así pola abundancia deste peixe). Continuamos ascendendo e pasamos de largo por un desvío que leva á cetárea de Medas do Castro feita no medio das rochas onde bate con forza o mar, a paisaxe que imos vendo é de pura natureza que contrasta coas preciosas vistas do mar Cantábrico, logo antes de chegar á pasarela de madeira podemos ver pegado á costa o Monte Queimado.

Así, paseniñamente, chegamos á pasarela de madeira ata onde ó principio circulaban os coches, e alí aparcaban nun pequeno campo creando un caos circulatorio pola grande afluencia de xente, pero xa a inicios do 2017 se regulou o tráfico e se fixo un aparcadoiro grande a un quilómetro da pasarela, quedando esta parte do sendeiro só para ir andando.

A pasarela está moi ben construída con barandilla polos dous lados como dixemos e vese moi segura, incluso hai nenos cos seus pais; as gaivotas abundan pola zona, o camiño que vai polo medio dos acantilados é verdadeiramente impresionante, imos baixando ata que chegamos á punta; dende este fermoso lugar temos unha vista panorámica espectacular sobre a ría, sentimos un vento suave; tamén oímos o bater das ondas sobre as rochas creando todo un mundo de sensacións que só se experimentan dende aquí. Imos ollando todo, alí cerca está a illa Gaveira e, un pouco máis ao sur, a área etnográfica da Insua (antigo cargadoiro das minas da Silvarosa e Choupín). Mirando para o outro lado da ría vemos o Monte Faro, máis adiante a praia de Esteiro famosa polas súas ondas e onde practican os surfistas: logo, seguindo a costa, xa máis lonxe podemos distinguir os farallóns de San Cibrao e a factoría de Alcoa e, difuminada, o resto da costa; volvendo á ría vemos a espléndida praía de Area, o espigón e Porto de Celeiro, Viveiro ao pé da ladeira do monte de San Roque e a famosa praia de Covas, ¡un espectáculo!.

Seguimos mirando enfrente ao mar Cantábrico coa liña do horizonte ao fondo e logo a man esquerda distiguimos na costa a pequeña enseada da Pereira cunha pequena praia, logo vemos a Illa da Coelleira e a praia de San Román do Val na que hai unha gran cruz de formigón que se levantou alí nun acantilado a carón da mesma en honra dos náufragos dun balandro de madeira que se afundiu naquela zona aló polo ano 1957.

Xa iniciamos o camino de volta con paso relaxado e tranquilo, conversando e disfrutado da tarde e do bo ambiente, ata hai carriños de venda ambulante de bocadillos, xeados e todo tipo de bebidas. O solpor das sete da tarde xa estamos no merendeiro da Abrela onde nos xuntamos co resto da familia e amigos que xa nos esperaban para merendar.

Unha experiencia impresionante e enriquecedora por todo, pola xente que se atopa facendo a ruta, pola paisaxe, pola natureza, polo mar por todo en conxunto...

Recoméndoa a todos; eu espero volver máis veces.



Na tarde do 5 de agosto dese ano, saíu da praia de Covas o balandro "Drácula" con oito tripulantes, sete eran veraneantes en Covas e o outro era un mariñeiro local, coa intención de dar unha volta; pero ao saír da ría a mar aberto o vento lateral e as fortes correntes foron levando a embarcación ata enfrente da illa Colleira, a unhas cinco millas da costa, onde unha forte racha de vento a fixo volcar. Sobre as sete da tarde, nunha tremenda confusión e gritos de socorro, o mariñeiro máis experimentado na loita co mar aconsellou que todos se agarrasen á quilla para non afundirse e esperar a que aparecese algún barco boniteiro, cousa que non sucedeu, e tanto as correntes coma o vento empezounos a arrastrar mar a fora, entón dúas rapazas botáronse a nadar cara á praia de San Román que se divisaba ao lonxe e así, pouco a pouco, durante unhas catro horas nadaron ata chegar a terra; buscaron axuda e atoparon a taberna de José Fanego, que as levou ata Viveiro pero o barco do práctico non podía saír xa que estaba a marea baixa e non había calado abondo; seguiron ata Celeiro conseguindo que un barco os levara ata dar co balandro que atoparon moi afastado xa da costa; nel estaban un rapaz e unha rapaza subidos no casco e agarrados fortemente na quilla con cara de pánico e mortos de frío, pero o resto da tripulación ou sexa os catro que faltaban, desapareceron. Só se atopou o cadáver dunha moza aboiando, o resto nunca máis apareceron. O balandro foi parar á Estaca de Bares a que tamén podemos ver dende aquí.

Tremenda e triste historia.

MANIFESTO

"Estamos contra vós, os incendiarios"

Somos o alumnado de 3º da ESO do María Sarmiento. Somos rapazas e rapaces deportistas, amantes do baile, dos coches, conectados todo o día coa música, co Whatsapp, co Instagram…

Queremos a nosa terra, estamos orgullosos de vivir en Viveiro. Gústanos o monte San Roque, o Souto da Retorta co avó alí chantado… E estamos tristes e anoxados.

Terra nai. Raíz umbilical. Seiva nutricia.
Sinto a aorta
poboada de unha esencia de fragatas.
Cincocentos gaiteiros
cantan de cara ó mar antigos himnos.
Vello país domeador de vento!

Estamos contra os incendios e contra vós, os incendiarios e temos propostas concretas para trasladar os poderes públicos…

Gústanos a casa da árbore que temos en Celeiro, gústanos vivir rodeados de árbores en Galdo, gústanos facer sendeirismo polas Pallaregas e coller a bici para subir ao Penedo do Galo…

Queremos ser inimigos mortais dos incendios:

- Non queremos máis cheiro a queimado.
- Non queremos máis fornos crematorios de animais.
- Non queremos solucións finais para as árbores.
- Non queremos ríos cheos de feluxe

PECHOUSE a noite riba do ucedo
i eu non vin einda a cor da miña amiga.
Agora é cando ún treme e ten medo.

FOI coma se caira nunha cova.
Antes era noite i era día
Agora é todo unha negrura loba.

Propoñemos e esiximos aos poderes públicos: unha reforestación progresiva de todos os montes comunais con frondosas autóctonas, a obriga de poñer rodais destas especies onde haxa plantación de eucaliptos e piñeiros e finalmente un plan para todos os concellos de cortalumes.

Queremos ser inimigos mortais dos incendiarios.

-porque matan xente.
- porque arrasan coa natureza.
- porque nos rouban o futuro.

Os Ibos rezan a cada hora o Pater Noster:
Señor que estás nos ceos santificado
que es pantrigo e leite e marmelada
deixa caír frangullas do teu reino
pois estamos eiquí comendo merda
-a nosa propia merda asoleada-.
Non nos deixes caír tanta miseria
tantas flechas, obuses, epidemias.
Nós somos xente, Deus, non perdoamos:
fulmina para sempre ós nemigos
denantes que entre nós nos fulminemos.
Señor Deus que aluméa-las alturas
acórdate que embaixo hai feras cegas.

"Estamos contra vós, os incendiarios"

BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS

Laura Crego Río, colaboradora na biblioteca

No curso pasado 2016-17, participamos no programa de Bibliotecas Escolares Solidarias nos termos expresados na Resolución de 7 de novembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Entre as iniciativas contempladas, na devandita resolución recóllíanse as instrucións para a participación no denominado "Voluntariado na biblioteca escolar", destinado a alumnado de ensino secundario, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial que colabora de forma asidua na biblioteca.

Este alumnado, unha vez rematado o curso 2016-17, e sempre que realizase un mínimo de 15 horas de traballo voluntario na biblioteca do centro, recibiu un diploma acreditativo emitido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Esté é o caso de Laura, a nosa protagonista, que continúa colaborando no funcionamento da nosa biblioteca escolar ao tempo que cursa un ciclo de Xestión Administrativa no réxime de adultos; o noso agradecemento.

SOLUCIÓN AO APARTADO "CURIOSO"

Na fotografía da páxina 6, o persoeiro é, nada máis e nada menos que Julio Iglesias (o cantante). Na instantánea tería uns 17 anos.

* * *

XUNTANZA

O vernes 15 de decembro, de 10:10 a 13:10, os alumnos/as de 2º e 3º de ESO, pertencentes ao club de lectura, desplazáronse ata o albergue de Area para participar nunha xuntanza con outros estudiantes onde estivo o escritor Pedro Ramos (Madrid, 1973), comentando e asinando o seu libro *"La playa de los cristales"* (Edebé, 2017) ambientada neste mesmo albergue viveirés. Organizou o acto o club de lectura da biblioteca.

¡ata o 8 de xaneiro!

O Provisional

Rúa: Misericordia, 58
27850 - VIVEIRO (Lugo)
Teléf.: 982.870916
Fax: 982.870933
Móbil 606.54.11.55 e 615.396.604
ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es
https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariasarmiento/
Impreso, en papel reciclado, en PUBLILAR - Magazos - Viveiro
Depósito Legal: LU - 402-1994
Viveiro, 21 de decembro de 2017
ANO XXIV, NÚMERO 67
TIRADA 825 EXEMPLARES
DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA a alumnos e profesores: 800 exemplares, por correo a antigos profesores, institucións, centros e medios de comunicación: 25
SUBVENCIONA:
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARÍA SARMIENTO

COLABORAN NESTE NÚMERO:

ALUMNOS
alumnos de 1º de ESO-A, 3ª de PMAR
Mauro Vigo Rodríguez, Laura Crego
Yago Cerdeira Teijeiro
PROFESORES
Xosé Cabana, Sabela Barcón
Yolanda Fernández, Susana Quintela
Xan Fernández, Fran Basanta
EX-PROFESORES
José María Leal López
DISTRIBUCIÓN, COMUNICACIÓN E ARQUIVO
José López Peña, Lucía Lage de Pol
Antonio González da Torre
Javier Caneda González
COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN
Néstor Timiraos Labaen

85 A MS17 220132

GRAN ANGULAR

os alumnos e alumnas de 1º de ESO-A non toleramos a violencia

O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 54/134 o 17 de decembro de 1999), celébrase anualmente cada 25 de novembro

Os alumnos e alumnas de 1ºESO-A do IES María Sarmiento redactamos o seguinte

MANIFESTO CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos proclama que todas as persoas nacen libres e iguais en dignidade e dereitos, e que toda persoa ten todos os dereitos e liberdades sen ningún tipo de distinción; igualmente, a Constitución Española, recolle os dereitos de todos e todas á integridade física e moral, sen que ninguén poida ser sometido a tratos inhumanos ou degradantes. (Fran)

1 • Todos e todas, homes e mulleres, nenos e nenas, temos os mesmos dereitos e as mesmas obrigacións. (Ana)

2 • Os nosos problemas debemos resolvelos de forma dialogada. (Vanessa)

3 • O uso da violencia é inútil, só leva a máis violencia. (Lucas)

4 • Debemos respectar e tolerar as persoas sen ter en conta o xénero. (Fátima)

5 • Ningunha persoa é dona de ninguén nin escrava de ninguén. (Nayara)

6 • Non se debe utilizar nunca a forza contra os máis débiles. (Juan)

7 • Os hombres non deben utilizar a forza contra as mulleres, nenos ou nenas. (Brais)

8 • Non debemos de ameazar para conseguir aquilo que queremos. (Eneko)

9 • Debemos respectar as persoas no uso da palabra. (Laura)

10 • Ninguén ten dereito a agredir a unha muller, todos e todas somos iguais; facelo é un delito, un feito inxusto. (Sara)

11 • Todos e todas somos iguais; non se debe permitir que ninguén maltrate as mulleres, polo feito de selo. (Miguel)

12 • A violencia de xénero é unha loucura, os homes non poden crerse, de ningún xeito, superiores ás mulleres. (Iago)

13 • É intolerable pechar os ollos ante os casos de violencia de xénero na casa, na escola ou mesmo na rúa. (Gabriel)

14 • Nós, solidarizaámonos coas mulleres que sufren este tipo de maltrato, todos e todas deberíamos poñer os medios necesarios para evitar que sucederan estas desagraciadas accións. (Santi)

15 • Estes feitos son negativos, e afectan moi de cheo, non só ás mulleres que o sofren, senón a toda unha sociedade que os coñece e os consente. (Lara)

Para contribuír a eliminar a violencia de xénero pensamos que:

O diálogo e o debate son os vehículos idóneos para sensibilizar a toda a sociedade sobre este grave problema. (Diego)

A educación debe percorrer un longo camiño para formar homes mulleres na tolerancia e no respecto. (Alex)

Un comportamento tolerante significa comprensión, recoñecemento, consideración e respecto ante propostas distintos as nosos. (David)

Debemos demostrar "tolerancia cero" con todas aquelas condutas ou manifestacións que supoñan violencia de xénero. (Bea)

Para conseguir unha ensinanza xusta e igualitaria é necesario reforzar a formación de toda a comunidade educativa. (Leyre)

Compromotémonos a que a aula A4 de 1º ESO-A será un espazo educativo de tolerancia cero contra todas estas situacións. (Kevin)

www.edu.xunta.es/centros/iesmariasarmiento/